



EXPEDIENTE DO CONTRATO DE SERVIZO: SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E PREVENCIÓN DE RISCOS NAS OBRAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DESENVOLVIDAS POLA OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS, ENXEÑERÍA E SERVIZOS (OTMAIES).

NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2024/ABS/000006

TRAMITE: Resolución de inicio

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE, DO BENESTAR, DA SAÚDE E DA ECONOMÍA

Examinado a memoria xustificativa e informe de insuficiencia de medios promovendo o contrato que consta no expediente indicado na cabeceira, no que se xustifica a natureza e extensión das necesidades a satisfacer así como a idoneidade do obxecto e natureza do contrato para satisfacelas e a insuficiencia de medios nos termos que esixe o artigo 28.1, 30 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, que se asumen nesta resolución.

Considerando que está xustificada a necesidade de proceder a realizar un contrato de servizos para satisfacer as necesidades expostas no informe mencionado.

Resultando, que a realización do contrato de servizos mencionado na cabeceira require acordo de inicio do órgano de contratación, que no Concello de Pontevedra é a Xunta de Goberno Local de conformidade co apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP, se ben a dita competencia para iniciar expedientes delegouse nesta Concellería da área de Promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2024.

Á vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2024
RESOLVO:

Primeiro.- Acordar o inicio do expediente do contrato de servizos que se menciona na cabeceira desta resolución e considerar xustificada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer no contrato así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas.





EXPEDIENTE DO CONTRATO DE SERVIZOS	SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E PREVENCIÓN DE RISCOS NAS OBRAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DESENVOLVIDAS POLA OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS, ENXEÑERÍA E SERVIZOS (OTMAIES). (2024/ABS/000006)
ORZAMENTO	75.762,94 €
IVE:	15.910,22 €
ORZAMENTO TOTAL	91.673,16 €
PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO	2 ANOS. PLURIANUAL.

Segundo.- Que se proceda a incorporar ao expediente os documentos que correspondan ata a formalización do contrato.

Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica.

